

PRAZA DE GALICIA

remodelación e recuperación urbana

02




seccion T
e 1/250



DESCRIPCION DA PRAZA
 A actual praza atópase fragmentada polas servidumes do tráfico e por un deseño do espazo público que divide a illa central en pequenos espazos axardinados e camiños enlousados. Entendemos que tras a reordenación do tráfico da proposta, é necesario deseñar unha praza que consiga un espazo máis amplo e continuo que sexa ademais capaz de acoller actividades urbanas e relacións veciñais, e fomenta o carácter estancial. A praza ten que se convertirla nun lugar.
 Para iso, imaxinamos unha superficie o máis continua posible, pavimentada con grandes losas de granito. Un zócalo tectónico construído co mesmo material e configuración que o espazo público do Casco Histórico. Este chan granítico inunda a totalidade da praza, incluso as calzadas, adoquinadas con granito, de xeito que se logra unha continuidade material en todo o ámbito.
 Para solucionar o desnivel producido entre a lousa horizontal e a lousa inclinada do aparcamento subterráneo plantexamos dous tratamentos diferentes. No lado sur, resolvéase por medio dun corte seco, un plano vertical que permite realizar a cota o acceso peonil e aparcamento subterráneo por medio de escaleiras e ascensor, o linio que delimita o área de espera para parada de autobuses separándoa do resto da praza. No lateral oeste, o desnivel resolvéase por un plano inclinado e por unhas grandes escaleiras de granito.
 O proxecto remátase cunha cuberta "vegetal" que protexe do sol e da choiva. Construída en acrílico ergúese nun extremo da praza a carón do quiosco-cafeitería, percorre a praza polo lado este, e dóbla en ángulo case recto para acoller os viaxeiros que agardan os autobuses na parte baixa da praza.
 A cuberta está perforada por siluetas con forma de follas de vide, convertíndoa nun plano calado, case como unha celosía; máis permeable nas zonas medias, vai volvéndose máis opaco canto máis se achega ós extremos, para protexer a cafeitería e a parada de autobuses. A vide está presente nesta praza como noutros espazos públicos tradicionais de Galicia. O dominio da cor branca en carpinterías, galerías e enlousados, ofrecen un contraste habitual co granito que se quere lembrar pintando a pérgola en branco.



e 1/250




APARCAMENTO SOTANO 1
 • A mellora da accesibilidade ó aparcamento vai en beneficio de todos os usuarios.
 • Un ascensor situado na illa central conectará os tres sótanos entre si e coa praza.
 • A eliminación de barreiras arquitectónicas é un obxectivo do proxecto.
 • O ascensor estará dimensionado para transportar persoas cadeiras de rodas e acompañante.
 e 1/500

APARCAMENTO PROGRAMACIÓN



- Un espazo público baixo rasante para completar as actividades urbanas da praza.
- A función pública da praza amplíase cara o Sótano 1.
- Os novos usos concéntranse na illa central do Sótano 1 do aparcamento.
- As velas rampas de acceso de vehículos están agora adicadas ó acceso ciclista.
- Na illa central están as comunicacións e accesos, o punto de bicicletas e os servizos
- Conséguese 12 novas prazas de aparcamento para persoas con mobilidade reducida.
- O funcionamento do aparcamento convértese nun lugar máis seguro, máis dinámico.
- O proxecto modifica a circulación do Sótano 1 respectando a mobilidade dos vehículos.



- A mellora da accesibilidade ó aparcamento vai en beneficio de todos os usuarios.
- Un ascensor situado na illa central conectará os tres sótanos entre si e coa praza.
- A eliminación de barreiras arquitectónicas é un obxectivo do proxecto.
- O ascensor estará dimensionado para transportar persoas cadeiras de rodas e acompañante.



- O proxecto convertirá o aparcamento nun espazo máis accesible.
- 12 novas prazas de aparcamento para persoas con mobilidade reducida
- Están situadas no Sótano 1, na illa central do aparcamento, moi próximas ó ascensor.



- As bicicletas son parte fundamental na mobilidade dunha cidade moderna e sostenible.
- Destinase parte do Sótano 1 a aparcamento e a punto de aluguer de bicicletas 26+128 prazas.
- Santiago necesita un punto de aluguer central que mellore a mobilidade dos veciños.
- As velas rampas do aparcamento dan acceso ó área de aluguer e aparcamento.
- As bicicletas dispoñense nun área de 267m² dividida en tres áreas de aparcamento, reparación e taller, cun pequeno mostrador para a atención ó público.
- O punto de bicicletas é un lugar amplo, ventilado e iluminado; separado do aparcamento.
- A xestión do negocio será compartida co aparcamento.



- O aparcamento proporcionará servizos hixiénicos públicos adaptados a calquera usuario.
- Os servizos serán os servizos públicos da praza, ademais dos servizos do aparcamento.
- Estarán situados na illa central.